

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO**

Orde do 29 de abril de 2005 pola que se convocan as bolsas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores, do programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica para o ano 2005.

A Lei 12/1993, de fomento de investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1, establece como obxectivo xeral, o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a citada lei, no seu capítulo II, crea o Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 14 de marzo de 2002, aprobou o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005).

O plan está integrado por programas xerais, sectoriais e horizontais. Dentro dos programas horizontais figura o programa de Recursos Humanos, que ten entre outros obxectivos, o de incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+I, tanto en número como en especialización, nas áreas de maior interese.

Nesta orde, procédese á convocatoria de diversas accións formativas, que corresponden a este programa de Recursos Humanos, como son as bolsas para estudos de terceiro ciclo, as bolsas predoutorais, así como bolsas de estadías fóra da comunidade autónoma, que polas súas características, se encadran ademais de no programa de Recursos Humanos, no programa de Promoción Xeral da Investigación.

A Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento ten encomendada a xestión e o financiamento de ambos programas.

Polo que antecede, esta consellería,

DISPÓN:**Artigo 1º.**

Convócanse en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, as bolsas que a continuación se indican e que constitúen accións formativas de investigadores, encadradas no programa de Recursos Humanos, que se rexerán polas bases que se inclúen como anexos a esta orde:

1. Prórrogas de bolsas para realizar estudos de doutoramento. (Anexo I).

2. Bolsas predoutorais (novas adxudicacións e 2ª prorroga. Anexo II).

3. Bolsas para estadías no estranxeiro e en centros españois situados fóra da comunidade autónoma. (Anexo III).

Artigo 2º.

As bases que rexen a concesión das axudas e todos cantos actos administrativos se deriven da súa aplicación, poderán ser impugnados polos interesados, nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 3º.

O prazo máximo, para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria será de 6 meses, contados desde a apertura do prazo anual de presentación de solicitudes, mediante a publicación da correspondente resolución no DOG. De non mediar resolución expresa no dito prazo, as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

Contra as resolucións expresas ou presuntas que se deriven desta convocatoria, que poñen fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo, o prazo será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.

De non estimar a presentación deste recurso, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao de recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa. No caso de que a resolución se entenda desestimada por silencio administrativo, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte, ao que se produza o acto presunto.

Artigo 4º.

Os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro do disposto nesta orde, quedan obrigados a facilitar toda información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Artigo 5º.

Os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde, deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e aos xuros de mora percibidos desde o momento do seu pagamento, ata a data que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos recollidos no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro,

polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime orzamentario de Galicia na súa redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Artigo 6º.

As resolucións de concesión de axudas ditas ao abeiro desta orde, poderán modificarse no caso de alteración das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 7º.

As bases recollidas nesta orde entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG e terán vixencia, ata a finalización do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2002-2005.

Artigo 8º.

Para a concesión das axudas convocadas nesta orde, destinaranse os créditos que a seguir se indican, para cada acción, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coas seguintes anualidades, sendo o prazo de presentación de cada unha delas o que se indica:

Anexo	Accións	Prazo de exposición da lista de admitidos/excluídos	Prazo de presentación de solicitudes	Partida orzamentaria	Anualidades	
					Ano 2005	Ano 2006
I	Bolsas de prórroga de 3º ciclo		40 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG	08.05.432B.480.0 cofinanciada nun 75% con FSE	1.192.000	1.871.000
II	Bolsas predoutorais (novas adxudicacións e 2ª prórroga)	27 xuño ao 7 de xullo (só para predoutorais de nova adxudicación)		08.05.432A.480.0 cofinanciada nun 75 % con FSE.	28.000	20.000
III	Bolsas para estadias	27 xuño ao 7 de xullo				

Todas as cantidades antes citadas, poderanse incrementar en función das peticións presentadas e de acordo, coas disponibilidades de créditos.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2005.

Juan Rodríguez Yuste

Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I

Prórrogas de bolsas para realizar estudos de doutoramento

1. Finalidade.

Estas bolsas teñen como finalidade contribuír á realización dos estudos de terceiro ciclo, en universidades do sistema universitario de Galicia, por parte daqueles alumnos que pretendan realizar unha tese de doutoramento, conforme o establecido no Real decreto 778/1998, do 30 de abril, polo que se regula o terceiro ciclo de estudos universitarios, a obtención e expedición do título de doutor e outros estudos de postgrao. Esta actuación realízase en coordinación coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Universidades, encargándose esta da convocatoria de bolsas correspondentes ao primeiro ano de estudos de terceiro ciclo (período de docencia). Pola súa banda a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento xestiona as prórrogas das ditas bolsas, que corresponden ao segundo ano destes estudos (período de investigación tutelado).

2. Requisitos dos solicitantes.

Poderán solicitar a prórroga aqueles alumnos que resultaron beneficiarios no curso académico 2004-2005 dunha bolsa de terceiro ciclo, modalidade nova adxudicación, concedida pola Xunta de

Galicia, sempre que poidan xustificar un axeitado aproveitamento académico neste período, e estean matriculados durante o curso académico 2005-2006, no segundo ano do bienio de estudos do terceiro ciclo impartido nas universidades de Galicia.

3. Contía das bolsas.

O importe bruto total da prórroga da bolsa para o curso 2005-2006, fíxase en 5.760 euros (480 euros mensuais).

4. Período de aproveitamento.

A duración da prórroga destas bolsas será de 12 meses comprendidos entre os meses de outubro de 2005 e setembro de 2006.

5. Formalización das solicitudes.

As solicitudes, no modelo oficial RHU-01, que se publica como anexo V a esta orde, están a disposición dos interesados na internet, nos seguintes enderezos: <http://www.dxid.org/>, <http://www.xunta.es/conselle/in>.

As solicitudes presentaranse, no rexistro xeral da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992.

As solicitudes deberán ir, inescusablemente, acompañadas da seguinte documentación:

5.1. Informe realizado polo titor sobre o cumprimento académico do solicitante no primeiro ano dos cursos de doutoramento (período de docencia).

5.2. Certificación académica de ter superados os créditos do primeiro ano de estudos de terceiro ciclo.

5.3. Declaración do solicitante de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes.

6. Tramitación.

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

Os servizos da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento comprobarán, que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nestas bases. No caso de que a documentación achegada estivera incompleta, requirirase o solicitante para que, no prazo de dez días, a complete ou emende os erros detectados con advertencia de que, de non o facer, se lle considerará desistido da súa solicitude, e se procederá, logo de resolución, ao arquivo desta sen máis trámite, consonte ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992.

7. Selección dos candidatos.

7.1. Comisión de selección.

A selección dos bolseiros será efectuada por una comisión, constituída por dous representantes da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento (un deles, actuará como presidente e outro, como secretario con voz e voto), un representante da Dirección Xeral de Universidades e un representante de cada una das tres universidades do sistema universitario de Galicia.

7.2. Criterios de selección.

Para que o solicitante poida obter a prórroga de terceiro ciclo, requirirase que teña superado no primeiro ano dos estudos de terceiro ciclo, un mínimo créditos que lle permita obter no curso 2005-2006 o diploma de estudos avanzados, así como que o informe previsto no punto 5.1 das presentes bases, sexa favorable.

8. Trámite de audiencia e proposta de resolución.

8.1. De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, co obxecto de realizar o trámite necesario de audiencia e inmediatamente antes de elaborar a correspondente proposta de resolución definitiva, a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, publicará na súa páxina web (www.dxid.org) a relación de axudas propostas, concedendo a todos os solicitantes, un prazo de dez días hábiles desde a data de publicación na web, para que poidan formular as alegacións que estimen oportunas.

8.2. Os solicitantes, no caso de proposta estimatoria, manifestarán a súa aceptación ou desestímato. De non contestar no dito prazo, entenderase que aceptan as condicións e termos da proposta de concesión.

8.3. Examinadas, se é o caso, as alegacións presentadas polos interesados, a Comisión de Selección de Investigación formulará a proposta de resolución definitiva, que incluírá a relación de candidatos seleccionados e a lista de reserva.

9. Resolución do concurso.

A comisión elevará a proposta de resolución á Consellería de Innovación, Industria e Comercio para que resolva. Esta resolución publicárase no *Diario Oficial de Galicia*.

10. Condicións de aproveitamento.

Estas bolsas son incompatibles coa realización dun traballo remunerado ou co aproveitamento doutro tipo de bolsas ou axudas, salvo co aproveitamento daquelas bolsas destinadas a cubrir algunha das accións formativas que o solicitante vai realizar segundo o seu programa (asistencia a reunións, congresos, seminarios, cursos de especialización ou estadias noutros centros para aprender ou intercambiar técnicas de investigación).

As bolsas concédense para o curso completo, polo que no caso de renuncia ou revogación, o bolseiro deberá reintegrar as cantidades xa aboadas, salvo en casos excepcionais autorizados pola Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, logo de xustificación dos cursos superados e das actividades de formación realizadas polo bolseiro, durante o período anterior á renuncia.

11. Aceptación da bolsa e pagamento.

A aceptación da bolsa farase no prazo de 15 días hábiles desde a publicación da resolución, mediante documento asinado polo bolseiro, no que se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nestas bases. No caso de que a citada aceptación non se produza no prazo sinalado, entenderase que o bolseiro renuncia á axuda.

Os pagamentos iniciaranse despois de que as universidades acrediten que os bolseiros seleccionados están matriculados nos correspondentes programas do terceiro ciclo.

As bolsas aboaranse mensualmente. O pagamento do último mes farase despois de que o bolseiro achegue:

11.1. Informe favorable do titor, en relación co cumprimento por parte do bolseiro das súas obrigas, recollidas no punto 12 destas bases.

11.2. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

12. Obrigas dos bolseiros. Seguimento da axuda.

Os bolseiros está obrigados a asistir ás clases, seguir con aproveitamento os cursos correspondentes ao seu programa de doutoramento e a realizar as actividades complementarias de formación que determine o titor. Así mesmo, deberán integrarse nun grupo de investigación no que realizarán actividades de formación, cunha dedicación mínima de 10 horas e unha máxima de 15 horas á semana.

O incumprimento por parte do bolseiro dalgunha das condicións recollidas nestas bases, suporá a perda da bolsa concedida e, de ser o caso, o reintegro das cantidades xa cobradas.

Os bolseiros están obrigados a comunicarlle á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento a renuncia á bolsa, tan pronto como se produza a causa que determine a dita renuncia.

O rematar o período de aproveitamento das bolsas, e antes do 20 de outubro do ano 2006, o bolseiro deberá presentar certificación do director do grupo de investigación no que se integrou, na que se fagan constar as actividades de formación realizadas durante o aproveitamento da bolsa.

O incumprimento dalgunha das condicións recollidas nestas bases, suporá a perda da bolsa concedida e, de ser o caso, o reintegro das cantidades cobradas, consonte o establecido no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

ANEXO II

Bolsas predoutorais

Finalidade.

A finalidade principal destas bolsas é o apoio á formación en investigación básica e aplicada daqueles titulados superiores universitarios, que desexen realizar a súa tese de doutoramento nun centro de investigación, radicado na Comunidade Autónoma de Galicia ou, en casos xustificados, en centros fóra de Galicia. Este programa está inscrito no Rexistro de Bolsas de Investigación, regulado no Real decreto 1326/2003, do 24 de outubro, polo que se aproba o Estatuto do bolseiro de investigación.

A) Bolsas de nova adxudicación.

1. Requisitos dos solicitantes.

Para optar a unha destas bolsas, serán necesarios os seguintes requisitos:

a) Cumprir todos os requisitos exixidos para a obtención do título de licenciado, de enxeñeiro ou arquitecto por unha escola técnica superior. Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros universitarios privados deberán estar recoñecidos oficialmente. Para os efectos de solicitar unha bolsa, considerárase que o título está recoñecido, cando o solicitante acredite ter sido admitido, nos programas de doutoramento dunha universidade española.

b) Realizar a tese de doutoramento, nun centro de investigación radicado na Comunidade Autónoma de Galicia se ben, en casos excepcionais e debidamente xustificados, tendo en conta o interese científico-técnico do proxecto, aqueles que obtiveran o título de licenciado nunha universidade do sistema universitario de Galicia, poderán solicitar a bolsa para realizar a súa tese, nun centro de fóra da comunidade autónoma.

c) Posuír unha media de expediente académico, de licenciatura igual ou superior a 1,50 excepto, para os estudos técnicos superiores, que será de 1,00.

d) Non ter transcorrido máis de tres anos, desde a data de finalización dos cursos académicos do programa de doutoramento ao que estea adscrito o solicitante. Admitíranse tamén as solicitudes daqueles que estean matriculados no segundo ano dos ditos estudos, no momento de presentar a súa solicitude.

e) O proxecto de tese, segundo o artigo 7 do Real decreto 778/1998, do 30 de abril, polo que se regula o terceiro ciclo de estudos universitarios, a obtención e expedición do título de doutor e outros estudos de postgrao, deberá ter sido aprobado polo consello de departamento, antes do 1 de outubro de 2005.

f) Non ter sido beneficiario destas bolsas ou outras homologadas en anteriores convocatorias, durante un período dun ano ou superior.

g) Estar en disposición de obter os 32 créditos dos cursos de doutoramento ou o Certificado de Estudos Avanzados, antes da data de inicio da bolsa (1 de outubro).

2. Contía das bolsas.

O importe das bolsas incluirá:

2.1. Unha asignación mensual bruta de 1.100 euros, se ben poderá incrementarse, co fin de acadar a homologación con bolsas estatais, no caso de existir crédito adecuado e suficiente.

2.2. De conformidade co establecido no Real decreto 1326/2003, do 24 de outubro, polo que se aproba o Estatuto do bolseiro de investigación, os beneficiarios das bolsas predoutorais da Xunta de Galicia (nova adxudicación, 1ª e 2ª prórroga) están asimilados a traballadores por conta allea, para os efectos de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social, nos termos e condicións establecidas no artigo 6 deste.

3. Período de aproveitamento.

3.1. A duración destas bolsas é de 12 meses, comprendidos entre o 1 de outubro do ano 2005 e o 30 de setembro do ano 2006.

3.2. Aos adxudicatarios destas bolsas de nova adxudicación, prorrogáraselles a bolsa automaticamente por un período de 12 meses, logo de presentación, antes do 1 de xuño do ano 2006, da seguinte documentación:

-Memoria das actividades académicas e investigadoras realizadas durante o período transcorrido, no que aproveitou a bolsa de nova adxudicación e plan de traballo, durante a prórroga solicitada. Deberá ir asinada, polo bolseiro e co visto e prace do director/es do proxecto de investigación.

-Informe (en papel oficial ou con selo do correspondente centro/departamento) do director/es, no que se confirme, que as actividades realizadas polo bolseiro durante o período de aproveitamento da bol-

sa, en relación coa adquisición de contidos e destrezas de investigación, foron adecuadas.

-Declaración do solicitante de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo fin, das administracións públicas competentes.

A dotación das prórrogas, equipararase ao das bolsas de nova adxudicación que se convoquen, para o ano correspondente.

3.3. En función das disponibilidades orzamentarias, poderase conceder unha segunda prórroga de seis meses, de acordo coas bases que se fixan no punto B, deste anexo.

4. Centros de aplicación e distribución das bolsas.

As bolsas están destinadas á realización da tese de doutoramento en centros de investigación de Galicia, departamentos e institutos universitarios das universidades do sistema universitario de Galicia ou, nos casos debidamente xustificadas, doutras universidades.

O número de bolsas predoutorais de nova adxudicación que se convocan para o curso 2005-2006 é de 80, todas elas, correspondentes ao programa xeral.

5. Formalización das solicitudes.

As solicitudes, no modelo oficial RHU-02 do que a portada se publica como anexo VI á presente orde, están á disposición dos interesados no internet nos enderezos <http://www.dxid.org>, <http://www.xunta.es/conselle/in>. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes deberán ir, inescusablemente, xunto coa seguinte documentación:

5.1. Certificación académica detallada na que figuren as cualificacións obtidas, as súas datas de obtención e o número exacto de convocatorias investidas en cada materia (orixinal ou fotocopia compulsada). Non serán válidas, as certificacións extractadas do expediente académico do solicitante.

No caso de estudos validados, deberá presentarse así mesmo certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

Os que acceden ao 2º ciclo dunha licenciatura a través do curso de adaptación correspondente, por estar en posesión dun título de diplomado ou por ter realizado o 1º ciclo dalgunha titulación que permita o acceso, para efectos de determinar a media do expediente académico, deberán achegar, ademais da certificación correspondente ao curso de adaptación, 4º e 5º, a referente á diplomatura ou aos estudos de 1º ciclo realizados.

Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros non estatais deberán estar validados na data de remate do prazo de presentación das solicitudes.

A certificación incluirá, se é o caso, a cualificación correspondente á tesina de licenciatura e indicará expresamente, que se obtivo o grao pola modalidade de tesina e o título desta.

5.2. Proxecto do traballo de investigación que se vai realizar para a obtención do grao de doutor, avalado polo director/es deste (orixinal ou copia compulsada). No proxecto farase mención específica dos obxectivos, dos contidos básicos do traballo e das estratexias específicas de análise e indagación que se van utilizar.

5.3. Certificación, segundo o modelo incluído no impreso de solicitude, expedida polo secretario do correspondente departamento universitario, na que conste: a admisión do proxecto por parte do consello de departamento, o director do proxecto de tese e o nome do titor, no caso de que este non sexa o director da tese. Se o interesado aínda non dispón deste documento presentará o compromiso de entregalo tan pronto como se produza a súa aprobación. En todo caso, o dito documento deberá presentarse antes do 1 de outubro do ano 2005.

5.4. No caso de que se solicite unha bolsa para realizar a tese de doutoramento nun centro universitario de fóra de Galicia, deberá achegarse un informe das razóns que xustifican a súa realización fóra do ámbito territorial da comunidade autónoma.

5.5. Certificación académica orixinal ou fotocopia compulsada, na que conste a superación do primeiro ano dos estudos de terceiro ciclo, así como as cualificacións correspondentes.

5.6. Declaración xurada do solicitante na que conste que cumpre o requisito establecido no punto 1.f).

5.7. Declaración do solicitante de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes.

5.8. Fotocopia do DNI ou do documento equivalente no caso de ser estranxeiro.

6. Tramitación.

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

Por parte dos servizos da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento comprobarase que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e exporase a lista de solicitudes admitidas e excluídas, sinalando, se é o caso, as causas de exclusión nos taboleiros da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, e na internet nos enderezos <http://www.dxid.org>, ou <http://www.xunta.es/conselle/in>. Esta lista estará exposta entre o 27 de xuño e o 7 de xullo, podendo os interesados, durante ese prazo, formular as reclamacións oportunas para emendar erros e faltas de documentos, ante a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo, sen que se emenden as causas de exclusión, procederase conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992.

7. Selección de candidatos.

7.1. Comisión de selección.

A selección de candidatos será efectuada pola Comisión de Selección de Investigación, creada polo Decreto 37/1998, do 30 de xaneiro.

7.2. Criterios xerais de selección.

A selección de bolseiros farase en función dos méritos acreditados nos puntos 5.1 e 5.5.

As solicitudes recibidas agruparanse en 5 áreas:

- Ciencias experimentais e matemáticas.
- Ciencias tecnolóxicas e informática.
- Medicina e ciencias da saúde.
- Ciencias sociais.
- Humanidades.

A adscrición das diferentes carreiras académicas a estas áreas aparece recollida no anexo IV desta orde.

7.3. Baremo de solicitudes:

a) Expediente académico de 1º e 2º ciclo (media licenciatura).

As cualificacións de 1º e 2º ciclo (estudos de licenciatura) valoraranse de acordo co seguinte baremo:

Matrícula de honra: 4 puntos.

Sobresaliente: 3 puntos.

Notable: 2 puntos.

Aprobado: 1 punto.

Suspenso/non presentado: 0 puntos.

b) Estudos de terceiro ciclo (media cursos de doutoramento). Valoraranse para os solicitantes que realizaron os ditos estudos, conforme o establecido no Real decreto 185/1985, do 23 de xaneiro, todos os créditos realizados no primeiro ano dos estudos do terceiro ciclo ata un máximo de 16 créditos, e para os solicitantes que realizaron os estudos de terceiro ciclo conforme o establecido no Real decreto 778/1998, do 30 de abril, o número de créditos que se valorarán é de 20, que comprenden o primeiro ano dos ditos estudos, de acordo co mencionado real decreto.

Utilizarase o seguinte baremo:

Sobresaliente: 3 puntos.

Notable: 2 puntos.

Aprobado: 1 punto.

c) Tesiña de licenciatura (nota tesiña). Utilizarase o mesmo baremo do punto anterior.

d) A puntuación total de cada solicitante obterase a partir da seguinte fórmula:

$$\text{Media final} = \frac{\text{Media licenciatura}}{\text{ML}} + \text{B} + \frac{(\text{Media cursos doutoramento})}{\text{MTER}} + \text{C} \times (\text{nota tesiña})$$

Onde:

B e C son dous coeficientes establecidos pola comisión, con valor comprendido entre 0 e 1.

ML, MTER representan as medias de licenciatura e de terceiro ciclo, respectivamente, de cada unha das cinco áreas indicadas no punto 7.2 obtidas a partir de datos estatísticos.

e) Para aquelas solicitudes que supoñan a realización da tese de doutoramento nun centro universitario de fóra de Galicia, a comisión deberá avaliar previamente o informe indicado no punto 5.4; e se non se considera xustificada, a petición será denegada. No caso de ser aceptada, valorarase na forma descrita nos puntos anteriores.

f) Os solicitantes de bolsas de predoutoramento de nova adxudicación, ordenaranse por orde decrecente de media final e adxudicaranse as bolsas, comezando polo candidato de maior puntuación.

A elaborará unha lista de suplentes por orde decrecente de puntuación, na que figurarán os solicitantes que, cumprindo os requisitos, non acadaron puntuación suficiente para ser adxudicatario de bolsa.

Os solicitantes que figuren na lista de suplentes, só poderán acadar bolsa de producirse renuncias de bolseiros, antes do 30 de xuño do curso correspondente.

8. Trámite de audiencia e proposta de resolución.

8.1. De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, co obxecto de realizar o trámite necesario de audiencia e inmediatamente, antes de elaborar a correspondente proposta de resolución definitiva, a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento publicará na súa páxina web (www.dxid.org) a relación de axudas propostas, concedendo a todos os solicitantes, un prazo de dez días hábiles desde a data de publicación na web, para que poidan formular as alegacións que estimen oportunas.

8.2. Os solicitantes, no caso de proposta estimatoria, manifestarán a súa aceptación ou desestímato. De non contestar no dito prazo, entenderase que aceptan as condicións e termos da proposta de concesión.

8.3. Examinadas, se é o caso, as alegacións presentadas polos interesados, a Comisión de Selección de Investigación formulará a proposta de resolución definitiva, que incluírá a relación de candidatos seleccionados e a lista de reserva.

9. Resolución do concurso.

A Comisión de Selección de Investigación elevará a proposta de resolución ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio para que resolva. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

10. Condicións de aproveitamento.

Estas bolsas son incompatibles coa realización dun traballo remunerado ou o aproveitamento doutro tipo

de bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, agás co aproveitamento daquelas bolsas que se convocan para cubrir algunha das accións formativas que o solicitante vai realizar segundo o seu proxecto (asistencia a reunións, congresos, seminarios e cursos de especialización ou estadias noutros centros para aprender ou intercambiar técnicas de investigación) así como, cos contratos derivados do artigo 11.2º da Lei de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica (Lei 13/1986, do 14 de abril) ou da Lei de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia (Lei 12/1993, do 6 de agosto).

A Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento poderá conceder, só en casos excepcionais, interrupcións no aproveitamento da bolsa a petición razoada do interesado, logo de informe do seu director de tese.

As interrupcións non poderán ser nunca superiores a 6 meses ao longo da duración da bolsa e as posibles renovacións non darán lugar, en ningún caso, á posibilidade de recuperar o período interrompido.

Así mesmo, no caso de maternidade concederáse, logo de petición, unha interrupción de ata un máximo de 4 meses, período que tampouco se considera recuperable.

No momento en que algún dos beneficiarios destas bolsas realice a lectura da súa tese de doutoramento deberá comunicarllo á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento; se o escrito vén acompañado dun informe do director da tese, dando conta de que o doutorando participa noutras tarefas de investigación do grupo poderase, por parte da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, autorizar a continuación do aproveitamento da bolsa, ata o remate do período para o que se lle concedeu.

11. Aceptación da bolsa e pagamento.

11.1. A aceptación da bolsa farase, no prazo de 15 días hábiles desde a publicación da resolución, mediante documento asinado polo bolseiro, no que se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nestas bases. No caso de que a citada aceptación non se produza no prazo sinalado, entenderase que o bolseiro renuncia á axuda.

Antes de iniciar os pagamentos, os bolseiros deberán acreditar ter un mínimo de 32 créditos nos estudos de terceiro ciclo, así como a presentación dunha declaración xurada, na que conste que non realiza traballo remunerado nin é beneficiario doutro tipo de bolsa.

11.2. As bolsas aboaranse mensualmente. O pagamento do último mes farase despois de que o bolseiro presente:

- O informe final que resuma a totalidade do traballo realizado, co visto e prace do director do traballo.

- Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de reso-

lución, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

12. Obrigas dos bolseiros. Seguimento da axuda.

Os bolseiros estarán obrigados a cumprir con aproveitamento as distintas etapas do proxecto de investigación, debendo axustarse ás normas propias do departamento ou centro de investigación onde aquel se realice, tanto no relativo ao horario e vacacións como no acceso a prestacións, servizos e representación. Os beneficiarios da bolsa predoutoral terán as mesmas condicións que o centro de acollida lle aplique ao seu persoal de similar categoría.

Os bolseiros deberán asumir as obrigas que lles correspondan por razón da súa inclusión no réxime xeral de Seguridade Social de conformidade, co disposto no artigo 6 do Real decreto 1326/2003.

Antes de finalizar o segundo trimestre do período de aproveitamento da bolsa, deberán remitirle á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento un informe do traballo realizado ata o momento.

Para poder percibir a última mensualidade deberán remitir o informe final que resuma a totalidade do traballo realizado incluíndo, se é o caso, copia dos traballos publicados. Nos informes deberá figurar o visto e prace do director do proxecto.

Os bolseiros adscritos á universidade poderán dedicar ata un máximo de 60 horas durante o curso académico, á colaboración en actividades docentes con fins formativos, limitadas a ensinanzas prácticas ou suplencias non superiores neste caso a 5 horas, logo de conformidade entre o director do traballo e o departamento implicado. Esta colaboración non suporá, en ningún caso, a asunción polo bolseiro das responsabilidades que corresponden ao profesorado. A concesión e aproveitamento dunha bolsa, non establece relación contractual ou estatutaria co centro ao que quede adscrito o beneficiario, nin implica por parte do organismo receptor, ningún compromiso en canto á posterior incorporación do interesado ao cadro de persoal deste.

Excepto no caso das bolsas concedidas para realizar a tese fóra de Galicia, os bolseiros están obrigados a residir na comunidade autónoma agás durante os períodos de formación aos que expresamente se lles autorice.

O bolseiro está obrigado a notificarlle á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, a data de defensa da súa tese e a cualificación obtida. No suposto de que non realice a defensa da tese, deberá notificarlle igualmente á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, indicando as causas que motivaron a dita circunstancia.

O incumprimento por parte do bolseiro dalgunha das condicións recollidas nestas bases, supoñerá a perda da bolsa concedida e, de ser o caso, o reintegro das cantidades cobradas, consonte o establecido no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

13. Dereitos dos bolseiros.

Os bolseiros teñen os seguintes dereitos:

a) Percibir a axuda económica correspondente, na forma prevista no punto 11 destas bases.

b) Obter dos organismos que os acollen, a colaboración e apoio necesario para o desenvolvemento normal dos seus estudos e proxectos de investigación, de acordo coas disponibilidades daqueles.

c) Ser dados de alta, no réxime xeral da Seguridade Social.

d) Os dereitos de propiedade intelectual derivados da súa propia actividade formativa na investigación e de acordo coa súa contribución, conforme o establecido no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

14. Obrigas do organismo de acollida do bolseiro.

Son obrigas dos organismos de acollida do bolseiro:

a) Proporcionarlle ao bolseiro o apoio necesario e facilitarlle a utilización dos medios, instrumentos ou equipos que resultan precisos para o normal desenvolvemento da súa actividade.

b) Designar un titor, co grao de doutor, para a coordinación e orientación da actividade dos bolseiros.

c) Velar polo adecuado desenvolvemento do programa de formación do bolseiro, sen que poida esixírselle, a realización de calquera outra actividade que non estea relacionada co desenvolvemento da súa investigación ou da formación específica requirida por esta durante o seu transcurso. Non obstante, os bolseiros que desenvolvan a súa actividade nunha universidade, poderán colaborar en tarefas docentes, dentro dos límites establecidos nestas bases.

B) Segunda prórroga das bolsas predoutorais.

1. Requisitos dos solicitantes.

Aqueles bolseiros que están sendo beneficiarios da primeira prórroga, poderán solicitar para o curso académico 2005-2006 unha nova prórroga, como máximo de 6 meses (comprendidos entre o 1 de outubro do ano 2005 e o 31 de marzo do ano 2006, sempre que non rematasen a súa tese de doutoramento).

2. Formalización das solicitudes.

As solicitudes, no modelo oficial RHU-03, do que a portada externa se publica como anexo VII a esta orde, está á disposición dos interesados na internet, nos enderezos <http://www.dxid.org>, <http://www.xunta.es/conselle/in>.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992.

As solicitudes deberán ir inescusablemente acompañadas da seguinte documentación:

2.1. Memoria, máximo 3 folios, do estado actual do proxecto de tese. Presentarase co visto e prace do director do proxecto de investigación.

2.2. Relación de comunicacións a congresos e publicacións referentes ao tema da tese, realizados durante o período de aproveitamento da bolsa. Documentaranse mediante fotocopia as correspondentes publicacións.

2.3. Certificación (en papel oficial e/ou co selo do correspondente centro/departamento) do director/es da tese, na que conste que esta non está rematada e se atopa en estado avanzado de execución.

2.4. Declaración de todas as solicitudes de bolsas efectuadas ou concedidas para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes.

3. Tramitación.

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

Os servizos administrativos da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, procederán á revisión das solicitudes presentadas, comprobando se é correcta a documentación achegada. En caso contrario, requirirase o solicitante para que achegue a documentación complementaria ou emende os erros detectados, no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992.

4. Selección e resolución.

A selección dos bolseiros será realizada pola Comisión de Selección de Investigación, creada polo Decreto 37/1998, do 30 de xaneiro, en función dos méritos acreditados, en relación co establecido no punto 2.2 destas bases. A comisión elevará a proposta de resolución ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio para que resolva. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

5. Outra normativa aplicable.

As solicitudes de 2ª prórroga seralles de aplicación o sinalado nos puntos 2, 8, 10, 13 e 14 do punto A.

6. Aceptación da bolsa e pagamento.

6.1. A aceptación da bolsa farase no prazo de 15 días hábiles desde a publicación da resolución, mediante documento asinado polo bolseiro, no que se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nestas bases. No caso de que a citada aceptación non se produza no prazo sinalado, entenderase que o bolseiro renuncia a axuda.

Así mesmo, o bolseiro presentará declaración xurada na que conste que non realiza traballo remunerado nin goza doutro tipo de bolsa.

6.2. As bolsas aboaranse mensualmente. O pagamento do último mes farase despois de que o bolseiro achege:

-O informe final que resuma a totalidade da actividade realizada, co visto e prace do director do traballo.

-Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

7. Obrigas dos bolseiros. Seguimento da axuda.

Os bolseiros estarán obrigados a cumprir con aproveitamento as distintas etapas do proxecto de investigación, debendo axustarse ás normas propias do departamento ou centro de investigación onde aquel se realice, tanto no relativo ao horario e vacacións como no acceso a prestacións, servizos e representación. Os beneficiarios da bolsa predoutoral, terán das mesmas condicións que ao centro de acollida lle aplique ao seu persoal de similar categoría.

Os bolseiros deberán asumir as obrigas que lles correspondan por razón da súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social, de conformidade co disposto no artigo 6 do Real decreto 1326/2003.

Para poder percibir a última mensualidade da bolsa deberán remitir o informe final que resuma a totalidade do traballo realizado incluíndo, se procede, copia dos traballos publicados. No informe deberá figurar o visito e prace do director do proxecto.

Os bolseiros adscritos á universidade poderán dedicar ata un máximo de 20 horas durante o período da prórroga á colaboración en actividades docentes con fins formativos, limitadas a ensinanza prácticas ou suplencias non superiores, neste caso, a 3 horas, logo de conformidade entre o director do traballo e o departamento implicado. Esta colaboración non suporá, en ningún caso, a asunción polo bolseiro das responsabilidades que corresponden ao profesorado. A concesión e aproveitamento dunha bolsa non establece relación contractual ou estatutaria co centro ó que quede adscrito o beneficiario, nin implica por parte do organismo receptor, ningún compromiso en canto á posterior incorporación do interesado, ao cadro de persoal deste.

Excepto no caso das bolsas concedidas para realizar a tese fóra de Galicia, os bolseiros están obrigados a residir na comunidade autónoma, agás durante os períodos de formación aos que expresamente se lle autorice.

O incumprimento por parte do bolseiro dalgunha das condicións recollidas nas presentes bases, supoñerá a perda da bolsa concedida e, se é o caso, o reintegro das cantidades cobradas, consonte o establecido no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

ANEXO III

Bolsas para estadías no estranxeiro e en centros españois situados fóra da comunidade autónoma

1. Finalidade.

Estas axudas teñen como finalidade favorecer a actualización de coñecementos, a adquisición de

novas técnicas de investigación así como completar a formación dos investigadores de Galicia, mediante a súa incorporación temporal a centros de investigación de fóra de Galicia, establecendo, ademais, relacións de interese entre ambas partes.

2. Modalidades.

As solicitudes de axuda refírense a algunha das seguintes modalidades:

Modalidade A:

A.1) Estadías de ata 6 meses de duración para funcionarios e contratados doutores cunha antigüidade mínima como doutores de 3 anos.

A.2) Estadías de ata 6 meses de duración para funcionarios contratados doutores cunha antigüidade como doutores inferior a 3 anos e contratados non doutores.

Modalidade B. Estadías posdoutorais de ata 12 meses de duración para doutores recentes dos últimos 3 anos.

Modalidade C. Estadías de ata 3 meses de duración, de bolseiros predoutorais da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento e asimilados.

3. Requisitos dos solicitantes:

3.1. Requisitos específicos da modalidade A.

-Ser funcionario ou estar contratado para actividades investigadoras nunha universidade ou nun centro público de Investigación da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.2. Requisitos específicos da modalidade B.

-Persoas que acadaron o título de doutor nos tres anos anteriores á data límite de presentación de solicitudes, que sexan funcionarios, que estean contratados para actividades investigadoras nunha universidade ou nun centro público de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia ou que teñan vinculación a un grupo de investigación destes. Os solicitantes non deberán ter gozado despois da obtención do título de doutor dunha bolsa para realizar unha estadía no estranxeiro ou en centros de investigación situados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.3. Requisitos específicos da modalidade C.

-Borseiros predoutorais da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento e bolseiros que teñan acadada a suficiencia investigadora prevista no Real decreto 778/1998, do 30 de abril, polo que se regula o terceiro ciclo de estudos universitarios, a obtención e expedición do título de doutor e outros estudos de posgrao e estean adscritos a centros públicos de investigación situados en Galicia, sempre que a bolsa que desfrutan non recolla na propia convocatoria a posibilidade de dotación adicional para estadías fóra da comunidade autónoma. Non poderán concorrer os estranxeiros que teñan unha bolsa que corresponda a un programa de formación de estranxeiros en España.

4. Contía das bolsas.

O importe da bolsa comprenderá:

4.1. Unha axuda institucional para gastos de desprazamento e seguro combinado de accidentes, durante o período de aproveitamento.

4.2. Unha asignación mensual bruta que estará comprendida entre 1.000 e 1.800 euros segundo as circunstancias do lugar.

5. Período de aproveitamento.

A estadía para a que se solicitan as axudas, se é de duración inferior ou igual a 3 meses deberá realizarse integramente no ano 2005. As estadias de duración superior a tres meses deberán iniciarse como moi tarde o 1 de outubro de 2005.

6. Formalización das solicitudes.

As solicitudes, no modelo oficial RHU-04, do que a portada se publica como anexo VIII a esta orde, están á disposición dos interesados na internet nos enderezos <http://www.dxid.org> e <http://www.xunta.es/conselle/in>.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992.

As solicitudes deberán ir xunto coa seguinte documentación:

6.1. Fotocopia do DNI ou doutro documento que acredite a nacionalidade do solicitante.

6.2. Documento acreditativo de pertenza a algunha das categorías indicadas no punto 2 destas bases. No caso de persoal contratado, o dito documento deberá estar vixente na data de peche da convocatoria. Naqueles casos en que a categoría do solicitante non leve implícita a condición de doutor, esta, se é o caso, deberá acreditarse.

Os solicitantes que concorran ás modalidades A e B entregarán unha relación das 5 publicacións máis salientables dos 3 últimos anos. Documentarase, mediante fotocopia da primeira páxina da publicación ou daquela na que figuren os datos salientables desta (autor/es, título, editorial, revista, etc.). No caso de solicitantes que concorran pola modalidade B, que aleguen vinculación a un grupo de investigación, das publicacións achegadas deberá deducirse a súa vinculación co director do grupo de investigación, que expide a certificación á que se refire o punto 6.4.

Os solicitantes que concorran á modalidade C entregarán especificamente certificación académica da licenciatura e dos estudos de terceiro ciclo.

6.3. Plan de traballo no que se faga constar o calendario e programa das actividades que se van realizar. No caso de bolseiros de investigación presentárase co visto e prace do director, que asume a supervisión da actividade investigadora do solicitante.

6.4. Autorización para realizar a estadía acreditada mediante:

-Certificación expedida polo secretario do departamento no caso de solicitantes vinculados á universidade (funcionarios, contratados ou bolseiros), facendo referencia ao correspondente acordo do consello de departamento.

-Certificación expedida polo director do centro de investigación, no caso de solicitantes vinculados a outros centros de investigación.

-Certificación expedida polo director do grupo de investigación ao que pertence o solicitante, no caso de doutores con vinculación unicamente a un grupo de investigación.

6.5. Carta de invitación do centro onde se vai desenvolver o traballo.

6.6. Declaración das solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma estadía polas distintas administracións públicas.

6.7. Os aspirantes que concorran pola modalidade B deberán presentar unha declaración xurada de que non teñen gozado despois da obtención do título de doutor, dunha bolsa para realizar unha estadía no estranxeiro ou en centros de investigación situados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

7. Tramitación.

A instrución do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

Por parte dos servizos da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento comprobarase que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e exporase a lista de solicitudes admitidas e excluídas, sinalando, se é o caso, as causas de exclusión nos taboleiros da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, e na internet nos enderezos <http://www.dxid.org>, <http://www.xunta.es/conselle/in>. Esta lista estará exposta nas datas comprendidas entre os días 27 de xuño e o 7 de xullo podendo os interesados, durante ese prazo, formular reclamación para emendar erros e faltas de documentos, ante a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, procederáse conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992.

8. Selección de candidatos.

A avaliación das solicitudes farase conforme os seguintes criterios:

8.1. Comisión de selección.

A selección de candidatos será efectuada pola Comisión de Selección de Investigación creada polo Decreto 37/1998, do 30 de xaneiro.

8.2. Criterios xerais de selección.

a) Méritos aos que se refire o punto 6.2. (para os solicitantes das modalidades A e B).

Valoraranse as cinco publicacións dos últimos tres anos de acordo coa seguinte fórmula:

$$\frac{A \times 3 + B \times 2 + C \times 1}{5}$$

onde A refírese ao número de publicacións con difusión internacional, B ao número de publicacións con difusión nacional e C ao número de publicacións de difusión local.

b) Plan de traballo e o seu interese, segundo o establecido no punto 6.3.

c) A comisión poderá darlle prioridade a:

-Estadías fóra de Europa de duración superior a un mes.

-Estadías fóra de España e Portugal de duración superior a 15 días.

-As persoas que non resultaron beneficiarias dunha destas bolsas nas resolucións dos dous anos anteriores a esta convocatoria.

d) A Comisión de Selección de Investigación acordará a puntuación total mínima esixida para cada unha das categorías descritas no punto 3 para ter dereito á bolsa.

e) A Comisión de Selección de Investigación valorará a adecuación do centro de destino ao plan de traballo presentado polos candidatos.

9. Trámite de audiencia e proposta de resolución.

9.1. De conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, co obxecto de realizar o trámite necesario de audiencia e inmediatamente antes de elaborar a correspondente proposta de resolución definitiva, a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento publicará na súa páxina web (www.dxid.org) a relación de axudas propostas, concedendo a todos os solicitantes un prazo de dez días hábiles, desde a data de publicación na web para que poidan formular as alegacións que estimen oportunas.

9.2. Os solicitantes, no caso de proposta estimatoria, manifestarán a súa aceptación ou desestímato. De non contestar no dito prazo, entenderase que aceptan as condicións e termos da proposta de concesión.

9.3. Examinadas, se é o caso, as alegacións presentadas polos interesados, a Comisión de Selección de Investigación formulará a proposta de resolución definitiva, que incluírá a relación de candidatos seleccionados e a lista de reserva.

10. Resolución

A Comisión de Selección de Investigación elevará a proposta de resolución ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio para que resolva e elaborará, se é o caso, unha lista de suplentes para posibles renuncias. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

11. Condicións de aproveitamento.

Os beneficiarios das bolsas están obrigados a comunicarlle á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento a data de incorporación ao centro

de destino e unha vez incorporados deberán atoparse, en todo momento, en condicións de xustificar o seu labor asiduo no devandito centro. Calquera interrupción ou aprazamento do período de aproveitamento, dentro do prazo sinalado no punto 5 destas bases, deberá ser previamente autorizado pola Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento; non obstante, para aquelas bolsas que se desenvolvan en dous exercicios orzamentarios distintos, non poderán autorizarse modificacións que supoñan incrementar o crédito necesario nalgunha das anualidades previstas na concesión.

Non se admitirán cambios nos centros de destino, salvo circunstancias excepcionais que así o aconsellen, logo de informe favorable, en todo caso, dos dous centros afectados.

Todos os bolseiros deberán presentar no prazo máximo dun mes desde a finalización da estadía, un informe final do traballo realizado que deberá incluír a copia dos traballos eventualmente publicados e mais o informe do director do centro de destino sobre o traballo realizado, con indicación expresa do tempo de permanencia no centro. No caso dos bolseiros de investigación incluídos no punto 2 modalidade C, o informe final presentarase co visto e praxe do director do traballo.

O incumprimento de calquera dos compromisos contraídos polo beneficiario poderá dar lugar, se é o caso, á supresión da axuda concedida e á reclamación das cantidades xa pagadas.

En calquera momento a Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento poderá reclamar do centro receptor un informe sobre o labor realizado polo bolseiro.

12. Aceptación da bolsa e pagamento.

12.1. A aceptación da bolsa farase, no prazo de 15 días hábiles desde a publicación da resolución, mediante documento asinado polo bolseiro, no que se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nestas bases. No caso de que a citada aceptación non se produza no prazo sinalado, entenderase que o bolseiro renuncia a axuda. Así mesmo entregase declaración xurada, na que conste que non dispón doutra bolsa para o mesmo fin.

12.2. As bolsas aboaranse mensualmente quedando pendente a última mensualidade ata a xustificación final da estadía, mediante a presentación dos documentos requiridos no punto 11 destas bases. Xunto coa primeira mensualidade aboarase a axuda institucional. Poderase realizar o pagamento total da estadía nunha soa vez, se o bolseiro acredita a realización total desta.

13. Publicación dos resultados obtidos.

Os resultados obtidos con ocasión do aproveitamento da bolsa serán propiedade dos seus autores, que, no caso de facelos públicos, deberán facer constar a axuda recibida da Xunta de Galicia e terán que envalarlle á Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento un exemplar da publicación na que se recolla.

14. Incidencias.

As renuncias que se produzan poderán ser substituídas pola Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento de acordo coa lista de reserva, se a houbese.

A Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento resolverá todas as dúbidas e incidencias que puideran xurdir, na aplicación desta convocatoria.

ANEXO IV

Ciencias experimentais e matemáticas

Licenciado en bioloxía.

Licenciado en bioquímica.

Licenciado en ciencia e tecnoloxía dos alimentos (só de 2º ciclo).

Licenciado en ciencias ambientais.

Licenciado en ciencias do mar.

Licenciado en ciencias e técnicas estatísticas (só de 2º ciclo).

Licenciado en física.

Licenciado en matemáticas.

Licenciado en química.

Licenciado en xeoloxía.

Ciencias tecnolóxicas e informática

Arquitecto.

Enxeñeiro aeronáutico.

Enxeñeiro agrónomo.

Enxeñeiro de camiños, canais e portos.

Enxeñeiro en electrónica (só de 2º ciclo).

Enxeñeiro industrial.

Enxeñeiro de materiais (só de 2º ciclo).

Enxeñeiro en informática.

Enxeñeiro de minas.

Enxeñeiro de montes.

Enxeñeiro naval e oceánico.

Enxeñeiro en organización industrial (só 2º ciclo).

Enxeñeiro en automática e electrónica industrial (só 2º ciclo).

Enxeñeiro químico.

Enxeñeiro en telecomunicación.

Enxeñeiro en xeodesia e cartografía (só de 2º ciclo).

Licenciado en máquinas navais (só de 2º ciclo).

Licenciado en náutica e transporte marítimo (só de 2º ciclo).

Licenciado en radioelectrónica naval (só de 2º ciclo).

Medicina e ciencias da saúde

Licenciado en farmacia.

Licenciado en medicina.

Licenciado odontoloxía.

Licenciado en veterinaria.

Ciencias sociais

Licenciado en administración e dirección de empresas.

Licenciado en ciencias actuariais e financeiras (só de 2º ciclo).

Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte.

Licenciado en ciencias políticas e da administración.

Licenciado en comunicación audiovisual.

Licenciado en dereito.

Licenciado en documentación (só de 2º ciclo).

Licenciado en economía.

Licenciado en investigación e técnicas de mercado (só de 2º ciclo).

Licenciado en pedagogía.

Licenciado en psicopedagogía (só de 2º ciclo).

Licenciado en psicoloxía.

Licenciado en publicidade e relacións públicas.

Licenciado en socioloxía.

Licenciado en xornalismo.

Humanidades

Licenciado en antropoloxía social e cultural (só de 2º ciclo).

Licenciado en belas artes.

Licenciado en filoloxía alemá.

Licenciado en filoloxía árabe.

Licenciado en filoloxía catalá.

Licenciado en filoloxía clásica.

Licenciado en filoloxía eslava.

Licenciado en filoloxía francesa.

Licenciado en filoloxía galega.

Licenciado en filoloxía hebrea.

Licenciado en filoloxía hispánica.

Licenciado en filoloxía inglesa.

Licenciado en filoloxía italiana.

Licenciado en filoloxía portuguesa.

Licenciado en filoloxía románica.

Licenciado en filoloxía vasca.

Licenciado en filosofía.

Licenciado en xeografía.

Licenciado en historia.

Licenciado en historia da arte.

Licenciado en historia e ciencia da música.

Licenciado en humanidades.

Licenciado en teoría da literatura e literatura comparada (só de 2º ciclo).

Licenciado en lingüística (só de 2º ciclo).

Licenciado en tradución e interpretación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

ANEXO V



GALICIA INNOVACIÓN

Plan Galego de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica
2002 - 2005

COFINANCIADAS POLO FSE
PROGRAMA DE RECURSOS HUMANOS

ANO 2005

MODELO RHU - 01

PROCEDIMENTO BOLSAS DE TERCEIRO CICLO PRÓRROGAS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN807B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
DATA DE NACEMENTO	SEXO ☐ HOME ☐ MULLER	ENDEREZO	
LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CORREO ELECTRONICO	TELÉFONO FIJO	TELÉFONO MÓBIL	
UNIVERSIDADE			

INFORMACIÓN ACADÉMICA

LICENCIADO EN	UNIVERSIDADE NA QUE REALIZOU OS ESTUDOS DE LICENCIATURA
UNIVERSIDADE NA QUE REALIZA O TERCEIRO CICLO	PROGRAMA NO QUE ESTÁ MATRICULADO
Nº DO PROGRAMA	

DATOS DO PROFESOR/TITOR

NOME	
CENTRO	CÓDIGO *
DEPARTAMENTO	CÓDIGO *
ENDEREZO	TELÉFONO
CORREO ELECTRONICO	UNIVERSIDADE
EXTENSIÓN	

* Ver listaxe de códigos de centros e departamentos

RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- ☐ INFORME REALIZADO POLO TITOR SOBRE O CUMPRIMENTO ACADÉMICO DO SOLICITANTE NO CURSO 2004/2005.
- ☐ CERTIFICACIÓN ACADÉMICA DE TER SUPERADOS OS CRÉDITOS DO PRIMEIRO ANO DOS ESTUDOS DE TERCEIRO CICLO.
- ☐ DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS PARA A MESMA FINALIDADE.

LEGISLACIÓN APLICABLE

Orde do 29 de abril de 2005 pola que se convocan as bolsas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores, do programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica para o ano 2005.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de

Director xeral de Investigación e Desenvolvemento

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

ANEXO VI



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO



GALICIA INNOVACIÓN

Plan Galego de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica
2002 - 2005

COFINANCIADAS POLO FSE

PROGRAMA DE RECURSOS HUMANOS

ANO 2005

MODELO RHU - 02

PROCEDEMENTO BOLSAS DE PREDOUTORAMENTO NOVAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN808A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
DATA DE NACEMENTO	SEXO ☐ HOME ☐ MULLER	ENDEREZO	
LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CORREO ELECTRONICO	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MOBIL	

INFORMACIÓN ACADÉMICA

LICENCIADO EN	ANO DE LICENCIATURA	UNIVERSIDADE NA QUE SE LICENCIOU
CURSO ACADÉMICO NO QUE REMATOU O 3º CICLO	UNIVERSIDADE NA QUE REALIZOU O 3º CICLO	
ÁREA NA QUE SE INSCRIBE A Súa LICENCIATURA:		
☐ CC. EXPERIMENTAIS E MATEMÁTICAS	☐ CC. TECNOLÓXICAS E INFORMÁTICA	☐ MEDICINA E CC. DA SAÚDE
☐ CC. SOCIAIS	☐ HUMANIDADES	
ADQUIRIU O GRAO DE LICENCIADO MEDIANTE TESE DE LICENCIATURA: SI ☐ NON ☐		
RESUMO DAS CUALIFICACIÓNS NA LICENCIATURA: Nº DE MATERIAS(A) / CRÉDITOS (B) COA CUALIFICACIÓN DE:		
Nº DE SUSPENSOS E NON PRESENTADOS (C)	☐ X 0 =	☐
Nº DE APROBADOS	☐ X 1 =	☐
Nº DE NOTABLES	☐ X 2 =	☐
Nº DE SOBRESALIENTES	☐ X 3 =	☐
Nº MATRÍCULAS DE HONRA	☐ X 4 =	☐
TOTAIS	☐ (1) =	☐ (2)
NOTA MEDIA	☐ (2) · (1) = ☐	
(A) Estudos organizados por materias		
(B) Estudos estruturados en créditos		
(C) Só se consideran os non presentados que computan convocatoria		

DATOS DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO		
DIRECTOR DO PROXECTO		CATEGORÍA
UNIVERSIDADE **	CENTRO	CÓDIGO *
DEPARTAMENTO		CÓDIGO *
ENDEREZO	TELÉFONO	EXTENSIÓN

(*) VER LISTAXE DE CÓDIGOS DE CENTROS E DEPARTAMENTOS PARA AS UNIVERSIDADES GALEGAS

(**) NO CASO DE UNIVERSIDADES DE FORA DE GALICIA DEBERÁ ACHEGARSE INFORME REQUIRIDO NO PUNTO 5.4 DAS BASES

LEXISLACION APLICABLE

Orde do 29 de abril de 2005 pola que se convocan as bolsas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores, do programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica para o ano 2005.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAIDA

Director xeral de Investigación e Desenvolvemento

ANEXO VII



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO



GALICIA INNOVACIÓN

Plan Galego de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica
2002 - 2005

COFINANCIADAS POLO FSE

PROGRAMA DE RECURSOS HUMANOS

ANO 2005

MODELO RHU - 03

PROCEDEMENTO BOLSAS DE PREDOUTORAMENTO 2ª PRÓRROGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN808C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
DATA DE NACEMENTO	SEXO ☐ HOME ☐ MULLER	ENDEREZO	
LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA	CODIGO POSTAL
CORREO ELECTRÓNICO		TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL

INFORMACIÓN ACADÉMICA

PROGRAMA DE 1º CICLO REALIZADO	Nº DO PROGRAMA
ANO ACADÉMICO DE INICIO DO 1º CICLO	ANO DE LICENCIATURA
UNIVERSIDADE DA LICENCIATURA	

DATOS DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO	
DIRECTOR DO PROXECTO	CATEGORÍA
UNIVERSIDADE	
CENTRO	CÓDIGO *
DEPARTAMENTO	CÓDIGO *
TELÉFONO	EXTENSIÓN
ENDEREZO	

(*) VER LISTAXE DE CÓDIGOS DE CENTROS E DEPARTAMENTOS

Nº DE MESES DE PRÓRROGA SOLICITADOS (MÁXIMO 6 MESES)	_____ MESES
--	-------------

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 29 de abril de 2005 pola que se convocan as bolsas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores, do programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica para o ano 2005.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA , de de

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

Director xeral de Investigación e Desenvolvemento